

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2026/CP/011
(REFERENCIA AXUDA: PID2024-161284OB-C22)**

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 28/01/2026 publícase no TEO a convocatoria de contratación 2026/CP/011 dun colaborador/a de investigación para traballar no proxecto: Solucións enzimáticas azuis para obter novos ingredientes prebióticos e simbióticos a partir de macroalgas para aplicacións alimentarias (BLUEbiotics) (PID2024-161284OB-C22).

SEGUNDO.- Con data 26/02/2026 publícase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Con data 10/03/2026 publícase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adxudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adxudicar do contrato en favor de:

Rubén Díaz Cita con documento de identidade ***2606**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	HSEXsPlKp61D9BMwjTenLw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	10/03/2026 13:10:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/HSEXsPlKp61D9BMwjTenLw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

